



TERCIARIOS CAPUCHINOS
Ciudad de los Muchachos Agarimo

ATENCIÓN DE DÍA NA “ CIDADE DOS MUCHACHOS AGARIMO ”



Xaneiro, 2007

Centro con fogares “Cidade dos Muchachos Agarimo”
- Terciarios Capuchinos - Amigonianos
R/ Pai Villa, 30 - 15142 ARTEIXO (A Coruña)
Tf.: 981 600 555 Fax: 981 600 480
E-mail: tcagarimo@amigonianos.org

INDICE

1. ¿Qué é a atención de día?
2. La Ciudad de los Muchachos-Agarimo e a atención de día.
3. ¿Quen son?
4. ¿Onde veñen estes menores?
5. ¿A que vimos?
6. ¿Que facemos?
7. ¿De que recursos dispoñemos?
8. ¿Qué obxectivos perseguimos?
9. Anexos:
 - 9.1.-Regulamento de réxime interno
 - 9.2.-P.E.I
 - 9.3.-Avisos ás familias
 - 9.4.-Registro de estancias

Redactan as educadoras de atención de día

Digna F. Carballo Martín
M^a Montserrat Díaz Rial
M^a Lorena Nión Lois

Coordina e supervisa o director do centro

Arsenio Trejo López

1.- ¿QUE É A ATENCIÓN DE DÍA?

É unha medida alternativa o internamento que permite que os nenos/as sigan vivindo coa súa familia. Serve para dar ás familias que o necesitan, un apoio diario e puntual que lles axude a normalización da súa situación sociofamiliar.

Esta alternativa axuda sobre todo a que as familias nunha situación de dificultade teñan un tempo para repoñerse de dita situación e reorganice a súa vida da maneira máis beneficiosa para os nenos/as.

A medida de atención de día terá un tempo determinado, non é indefinida e son as familias as que progresivamente deben ocuparse dos seus fillos.

2.- CIUDAD DE LOS MUCHACHOS AGARIMO E A ATENCIÓN DE DIA.

En Agarimo a atención de día desenrolase en dous grupos educativos o longo do ano, priorizando as necesidades reais das familias e dos nenos.

Procuramos que as familias se impliquen o máximo posible pois sempre deben ter en conta que os nenos/as non van estar sempre no centro, deben velo coma un apoio (tanto as familias coma os nenos/as), pero non deben cargar a outros as súas responsabilidades familiares.

3.- ¿QUEN SOMOS?

É un grupo formado por nenos, nenas e tres educadoras/es que pasan as tardes xuntos tódolos días de luns a venres (de 13 a 21 horas).

As idades son moi variadas e hai nenos/as dende os 3 ata os 16 anos. Divídense en dous grupos educativos: Abrente e Abeiro.

4.- ¿ONDE VEÑEN ESTES MENORES?

Veñen a Ciudad de los Muchachos Agarimo en Arteixo dende os colexios (zonas de Arteixo e Coruña) e distribúense tódolos nenos/as en dous chalets ou grupos que se chaman Abrente e Abeiro.

Nos períodos de vacacións cando non poden estar coas súas familias veñen noutro horario. Recóllense nas súas casas ou acércanos os papás pola mañá e o mesmo pola tarde.

O chalet de Abrente ten unha cociña, un comedor, sala de t.v. e vídeo, sala de estudio, vestidor e baño de nenos, vestidor e baño de nenas, despacho e baño educadora.

O chalet de Abeiro ten unha cociña-comedor, sala de tv e vídeo, aula de estudio, vestidor de nenos, baño e duchas nenos, vestidor e baño nenas, dúas habitacións dormitorio, despacho e baño educadora.

5.- ¿A QUE VIMOS?

Todos os nenos e nenas que veñen a Agarimo fano porque dende as súas familias, por motivos moi variados, non lles poden dar a atención que necesitan durante as horas que están aquí, pero non necesitan estar internos no centro.

Aquí veñen a aprender moitas cousas que lles axudaran a formarse como persoas e crecer fortes e sans non só de corpo senón tamén de mente. Estas cousas que van a aprender e/ou reforzar sirvanlles como ferramentas imprescindibles para desenrolarse como persoa e desenvolverse na sociedade como adulto responsable. Vamos intentar inculcar hábitos de hixiene e saúde axeitados, hábitos de traballo, estudio, de colaboración e convivencia.

Para isto necesitaremos tamén a colaboración e boa vontade das familias para reforzar os hábitos que aquí se traballan e adecuar ou modificar outros que non sexan beneficiosos para os nosos nenos/as.

6.- ¿QUE FACEMOS?

Cando chegan da escola o primeiro que fan é ducharse xa que moi importante que coiden a súa hixiene non só por eles mesmos senón tamén polos que están con eles.

Despois de estar limpos e aseados van ó comedor, poñen a mesa, van buscar a comida séntanse a comer. Aquí aprendemos a comer ben e san. Comemos de todo: verduras, carne, peixe, legumbres, hortalizas, froita e porque non de vez en cando doces e algunha que outra “chuche”, pero eso si despois un bo cepillado de dentes e non de vez en cando, senón todos os días, e despois de cada comida.

É moi importante comer de todo e a forma como o facemos: ben sentados na mesa, sabendo usar os cubertos, mastigar a comida, etc.

Despois de comer recollen a mesa, fregan a louza, barren e fregan o chan e fan o resto das tarefas: baños, vestidores e as distintas salas que utilizamos. Todo esto fano eles, pero contan coa axuda das educadoras que lles ensinan e revisan que todo quede ben, aquí a colaboración entre compañeiros está moi presente. Isto é moi importante, xa que teñen que aprender a responsabilizarse das súas cousas e colaborar, non esperar que se lles de todo feito.

Cando xa isto está todo feito descansan un pouco charlando uns cos outros tranquilamente, é un espacio de tempo libre.

Despois de descansar teñen que continuar coas súas tarefas de todos os días, sobre todo con unha que é a máis importante para nós, xa que todos son nenos/as moi xóvenes que van á escola e necesitan estudar moito para formarse e prepararse para cando sexan maiores.

Para facer os “deberes” contan con un espacio ó que lle chamamos “sala de estudio”. Cada un deles ten os seus libros e material e contan coa axuda das educadoras que están sempre a traballar en equipo cos titores para axudarlles mellor. Aquí fan os “deberes” que lles poñen os profesores, acláranse dúbidas e tamén se estudia, pero non podemos esquecer que non chega só con isto, senón que na casa tamén hai que estudar.

Cando a tarefa do “cole” está rematada o que se fai é xogar e para elo contamos cunhas instalacións que son compartidas con outros mozos e mozas do internado. Hai un campo de fútbol, unha pista de futbito-baloncesto e pista de voleibol. Tamén hai moito campo con xardín, plantas, árbores e zoas de xogo.

Non sempre se está aquí no centro tamén se fan saídas en grupo, vaise ós parques da zoa, a praia, museos, exposicións, piscina, ó cine, ó teatro, estando moi atentos as numerosas actividades culturais e deportivas que ofrece o Concello de Arteixo,etc.

No centro tamén se fan outras actividades como manualidades, coidado e limpeza dos exteriores do centro, xogos co grupo de voluntarios que veñen todas as semanas con nós, festas de cumpleanos, celebración do Nadal, representacións teatrais, taller de disfraces (“festas do Entroido”).....

Despois de facer todas estas cousas prepáranse para cear, volvese a poñer a mesa, recollese e deixase todo limpo e ordenado. Os educadores/as levan ós nenos as súas casas nas furgonetas do centro, algúns pais implícanse e recollen os seus fillos no centro o longo da tarde ou á noite.

7.- ¿DE QUE RECURSOS DISPOÑEMOS E CORDINACIÓN?

O equipo educativo dispón dos recursos e materiais propios do centro (instalacións, salas, material de limpeza, estudio, transporte) e dos recursos da zoa (concello, piscina, biblioteca, escolas).

Estamos coordinados cos servicios sociais de base do Concello de Arteixo e equipo técnico de menores (ETM) de A Coruña, ademais dos profesionais do centro que estamos día a día cos nenos/nenas, o persoal directivo (reunión semanal) e persoal de servicio.

8.- ¿QUE OBXECTIVOS PERSEGUIMOS?

Dende o equipo educativo cando un menor ingresa no centro márcanse uns obxectivos a cumprir, tendo en conta as características persoais, os motivos polos que está con nós, as necesidades de cada un, esto refléxase no proxecto educativo individual (P.E.I.).


Tendo en conta as características do grupo realízase unha programación anual do mesmo, establecendo uns obxectivos e actividades grupais.

A medida que se van acadando obxectivos vanse marcando outros, o igual que cando non se acadan reflexionase sobre o porqué e que hai que facer para conseguilos, para isto tamén necesítase a colaboración das familias.

Traballamos para conseguir uns obxectivos mínimos nas áreas de estudio, hixiene e saúde, comportamento e habilidades sociais principalmente.



Cociña y comedor



Baño (nenos)


ATENCIÓN DE DÍA
“Cidade dos Muchachos Agarimo”



Vestidor



Sala de estar y despacho educativo



9.- ANEXOS

9.1- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.



TERCIARIOS CAPUCHINOS
Ciudad de los Muchachos Agarimo

REGULAMENTO
GRUPOS
DE ATENCIÓN
DE DÍA

ABRIL -2005

Centro con fogares “Cidade dos Muchachos Agarimo”-Terciarios Capuchinos - Amigonianos
R/ Pai Villa, 30 [15142 ARTEIXO](http://www.15142ARTEIXO.com) (A Coruña) Tf.: 981 600 555 Fax: 981 600 480
e-mail: tcagarimo@amigonianos.org

PRESENTACIÓN

Estás nun grupo de atención de día no que vas a pasar moito tempo cos teus compañeiros e co teu educador /a, polo que son precisas unhas normas que nos axuden para convivir xuntos.

Desexamos que te atopes ledo entre nós e aínda que todos teremos días difíciles, deberemos de facer un esforzo para “*tratar os demais como nos gusta que nos traten a nós*”.

Todo o que hai aquí e para que ti o disfrutes, *coida das cousas e mantenas limpas como se fosen túas*, para que as poidan disfrutar tódolos demais que veñan de aquí endiante.

Non debes dubidar en falar co teu educador/a cando teñas calquera dificultade , buscará a mellor forma de axudarche . Se tes dúbidas de cómo debes de facer algo ou en canto as tarefas que tes que facer, consúltao, non quedes calado.

No tempo que estes entre nós pretendemos que aprendas moitas cousas que non sempre van a ser fáciles de conseguir, pero que te van axudar nun futuro:

1. Aprender a ser responsable.
2. Ser educado con todo o mundo.
3. Espeta-las persoas e as normas.
4. Aprender a colaborar nas tarefas do fogar.
5. Ser capaz de coidar do teu corpo, aspecto e hixiene.

NORMAS XERAIS DE COMPORTAMENTO

- Debes atender sempre as indicacións que che dan as persoas que traballan no centro, xa sexa ou non o teu educador/a, trátaos con educación e respecto.
- Coida e mantén limpos os arredores do chalet, non pises as plantas nin tires papeis.
- Non te metas nas conversas dos adultos, non se che perde nada cando o educador/a fala cun pai ou cun dos teus compañeiros en privado.
- Trata as cousas que temos con coidado, deben durar coidadas o máximo posible, así disfrutarámolas todos.
- Se por algún motivo traes móbil, informa o teu educador/a, para gardalo no despacho ata a hora de marchar, aquí non o precisas.
- Na furgoneta e moi importante seguir as indicacións da persoa que vai conducindo, pola seguridade de todos debemos de ir ben sentados e sen alborotar. Na furgoneta non se pode comer.




1.CHEGADA DA ESCOLA

- Normalmente vas vir no bus escolar.
- Non xogues nin molestes ó conductor, segue as súas indicacións.
- Vai sempre quieto e ben sentado ata a túa parada.
- Ten coidado de non esquecer as túas cousas no bus.
- Ó chegar o grupo , saúda a persoa que está esperándote, o teu educador /a.
- Se traes algunha medicina que debas tomar, entrégalla e informa ó teu educador/a.
- Coloca a túa chaqueta e a mochila no teu armario.



2.COMEDOR

- Lava as mans antes de comer.
- Séntate correctamente na mesa.
- Utiliza os teus útiles e a túa servilleta.
- Non xogues ca comida nin fales ca boca chea.
- Hai que aprender a comer de todo, come o que che sirvan.
- Cando che den permiso para levantarte da mesa, deixa o teu sitio recollido e leva os útiles ó fregadeiro.



3.LIMPEZAS

- Fai correctamente a tarefa que che corresponde, non intentes acabala axiña, senón facela ben.
- Se non sabes como facela pregunta o teu educador/a as veces que sexa preciso, mostrarache como facelo ben.
- Se acabas axiña pódeshlle axudar a algún compañeiro ou aproveitar para facer algo que teñas pendente.
- Usa correctamente o material de limpeza e non xogues con el.

4. TEMPO DE ESTUDIO



- Aplícate para facer ben os deberes e pide axuda se a precisas.
- Non molestes os teus compañeiros que están dispostos a aproveitar ese tempo.
- Avisa o teu educador/a dos teus deberes, exames, notas... non intentes enganar, mentir prexudícate.
- Se debes usar gafas, ponas.

5. ASEO E HIXIENE



- Na ducha debes enxabonar ben todo o corpo e lavallo pelo ó menos dúas veces por semana.
- Non malgastes a auga nin xogues na ducha, hai un intre para todo.
- Acórdate de peinar-te.
- Ó menos un día a semana debemos revisar as unllas dos pés e mans, e cortarlas.
- Lava os dentes despois de cada comida.
- Usa só o teu peine, o teu cepillo de dentes e a túa toalla, estas cousas non se comparten.

6. TEMPO LIBRE – SAÍDAS



- Disfruta do tempo de ocio, participa nas actividades e xogos que se propoñen.
- Cando uses calquer material ou xogo volve a colocalo no seu sitio.
- Se facemos algún paseo, sobre todo se é pola estrada, debemos de ir sempre pola esquerda e en fila.
- Cando o teu educador/a organiza unha saída é ca intención de que a disfrutes e de podela disfrutar contigo, polo que debes colaborar seguindo as instruccións, se todo sae ben e nos comportamos poderemos facer máis saídas.

9.2.- FICHA INFORME

CENTRO CON HOGARES “CIUDAD DE LOS MUCHACHOS AGARIMO” PROYECTO EDUCATIVO INDIVIDUALIZADO (P.E.I.)

APELIDOS:
NOME:
ANO:
EDUCADOR QUE O REALIZA:
DATA DE REALIZACIÓN:
INDICE:
ANEXOS:

DATOS PERSOAIS:

Data de nacemento:	Idade:
Nº. de expediente:	Situación legal:
Data de alta:	
Data de incorporación ó centro:	
Grupo educativo:	Educador de referencia:

ÁREA PERSOAL – SOCIAL

Situación actual
Obxectivo xeral e específicos
Metodoloxía e recursos utilizados

ÁREA FAMILIAR

Situación actual
Obxectivo xeral e específicos
Metodoloxía e recursos utilizados

ÁREA ESCOLAR – LABORAL

Situación actual
Obxectivo xeral e específicos
Metodoloxía e recursos utilizados

ÁREA RESIDENCIAL – COMUNITARIA

Situación actual
Obxectivo xeral e específicos
Metodoloxía e recursos utilizados

Selo do centro

En Arteixo a..... de.....de 200....

Vº Bº del director

Os/as educadores/as

Fdo.:

Fdo.:

– Fdo.:

Selo del centro

En Arteixo a de.....de 200..

9.3.-AVISOS AS FAMILIAS

Estimados Pais:

Poñémonos en contacto con vostedes para informalos dos seguintes puntos a tratar:

Faltas de asistencia ó Centro.
Petición das citas para o dentista
Calendario de vacacións

- 1) Con referencia as **faltas de asistencia**, rogámoslles nos sexa comunicado con antelación, por **escrito, persoal o telefónicamente** cada unha das faltas do menor ó Centro, a fin de conseguir unha mellor organización e funcionamento. No sendo así, a Dirección e o Equipo Educativo tomarán as medidas oportunas ó respecto.
- 2) En relación á **revisión anual** que deben efectuar seus fillos/as no Dentista, rogamos pidan **cita o antes posible no seu** Centro de Saúde, e infórmennos dos resultados de dita revisión.
- 3) Informámoslles con previa antelación dos días que os nenos/as **non teñen colexio** (por ser festivos), ni tampouco **Atención de Día**.

Para cualquera aclaración rogamos pónganse en contacto có Centro ou ca educadora correspondente.

En Arteixo a de de 200...

Atentamente o director

Fdo:

ATENCIÓN DE DÍA
“Cidade dos Muchachos Agarimo”



TERCIARIOS CAPUCHINOS
Ciudad de los Muchachos Agarimo

Ciudad de los Muchachos Agarimo
R/ Pai Villa, 30 - 15142 Arteixo (A Coruña)
TF 981600555

Poñémonos en contacto con vostedes para confirmarlles as fechas nas que seu fillo/s acudirá ó centro no verán.

O horario será de 10h a 18h, recollerémolos no lugar habitual a partir das 10.15h e deixarámoslos a partir das 17.30h.

.....
Rogamos firmen unha copia e devólvannola o centro.

Atentamente

Ciudad de los Muchachos Agarimo
R/ Pai Villa, 30 - 15142 Arteixo (A Coruña)
TF 981600555

Coincidindo coninformámoslle que seu fillo
.....non terá servizo de atención de día. Incorporarase ó
centro o..... có horario e forma habituais.

Atentamente



Ciudad de los Muchachos “Agarimo”
R./ Pai Villa, 30 - 15142 Arteixo (A Coruña)
TF 981600555

Data.....

Solicito como educadora do menor.....

a posibilidade de que me envíedes material de estudo para traballar durante o verán. Espero non
causarvos moitas molestias.

Atentamente

Ciudad de los Muchachos “Agarimo”
R./ Pai Villa, 30 - 15142 Arteixo (A Coruña)
TF 981600555

Data.....

Solicito como educadora do menor.....titoría con vostede,
co fin de coñecer a evolución escolar do menor.

Debido o meu horario de traballo, prégolle me poida atender.....

Atentamente

9.4.-REXISTRO DE ESTANCIAS



TERCIARIOS CAPUCHINOS
Ciudad de los Muchachos Agarimo

Ciudad de los Muchachos Agarimo - R./ P. Villa, 30
 15142- ARTEIXO (A Coruña)

Grupo: ABEIRO / ANDAINA

Ano: 200..

Mes:

CURSO: 200..

Nº	APELIDOS E NOMES	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	TOTAL		
1																																		0	
2																																		0	
3																																		0	
4																																		0	
5																																		0	
6																																		0	
7																																		0	
8																																		0	
9																																		0	
10																																		0	
11																																		0	
12																																		0	
13																																		0	
14																																		0	
TOTALES:		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

1: ESTANCIA NORMAL

- 1: Ingreso no grupo /centro
- 1: Saida do grupo/centro
- FJ: Falta xustificada
- FI: Falta inxustificada
- : Non estancia
- F: Fugado

OBSERVACIÓNS:

COLABORA:



ASOCIACIÓN AGARIMO
Rúa Padre Villa, 30
15141 Laxobre - ARTEIXO (A Coruña)
Tel. 981 600 687 Fax: 981 633 107
asoc.agarimo@terra.es

